

# OS REFUXIADOS NA ERA DE TRUMP: UN PROBLEMA POLÍTICO, NON UNHA CRISE HUMANITARIA

Javier de Lucas

Institut de Drets Humans

Universitat de València



## INTRODUCCIÓN

Quizais o máis interesante do que agora case todo o mundo coincide en recoñecer como mal denominada «crise dos refuxiados» é o que esconde. Tras o tópico teimudamente reiterado, o punto de partida que non debemos esquecer é a existencia de necesidades de protección de dereitos (de bens xurídicos de primeira orde) de millóns de persoas. Refírome sobre todo aos protagonistas de dúas manifestacións da mobilidade forzada con respecto ás cales, por certo, existe unha crecente *zona gris*, os que chamamos refuxiados e/ou desprazados, por un lado, e a maioría dos inmigrantes irregulares, polo outro, a respecto dos cales se ignora a inexistencia de garantía do primeiro dereito, o *dereito a non emigrar*<sup>1</sup>. Por non falar do que, sen dúbida, debería ocupar os esforzos da comunidade internacional nos próximos anos, isto é, esa nova categoría de desprazamentos forzados para a que aínda non dispoñemos dunha resposta xurídica adecuada, os millóns de persoas que van desprazarse como consecuencia das transformacións das condicións naturais (fames, secas, contaminación, terremotos, inundacións etc.), os mal chamados «refuxiados ou desprazados medioambientais», que outros prefiren denominar (ao meu xuízo, con desacerto) «inmigrantes climáticos».

Pois ben, o que me parece máis grave é que non só existe na UE (nin en boa parte dos Estados occidentais aos que se dirixen as demandas de inmigración e asilo) a máis mínima vontade política de ofrecer unha resposta adecuada á necesidade de recoñecemento e protección de dereitos básicos de refuxiados e inmigrantes, senón que, ademais, rexeitemos teorizar adecuadamente o que a todas luces é, como mínimo, o síntoma dunha profundísima crise do modelo político europeo (se non, incluso, unha crise da democracia mesma).

---

<sup>1</sup> Véxase, por exemplo, Aguelo Navarro, Pascual / Ángel Gregorio Chueca Sancho (2004): «El novísimo derecho humano de las personas a migrar», *Revista de Derecho Migratorio y de Extranjería*, 5, 291-293; Chueca Sancho, Ángel Gregorio / Pascual Aguelo Navarro (2013): «Contenido y límites del *ius migrandi*», *Revista Electrónica Iberoamericana*, 7:2, 83-111.

Deberíamos empezar por entender que a formulación habitual, que ten toda a aparencia da linguaxe politicamente correcta baixo o eufemismo «crise humanitaria» ou «crise de refuxiados» e que, no mellor dos casos, apela ao humanitarismo paternalista, acaba por contribuír dese modo a ocultar a profunda dimensión política destas manifestacións de mobilidade forzada (das clásicas e, insisto, das que se están a producir cada vez máis, ligadas ao impacto do que denominamos «catástrofes medioambientais» e que non podemos seguir presentando como «desastres naturais»).

## A UE, DE COSTAS AOS REFUXIADOS

A propósito do Consello Europeo extraordinario realizado no último trimestre de 2016 en Bratislava<sup>2</sup>, afirmaba Sami Naïr que era a certificación dun novo apertar do parafuso nas políticas europeas de inmigración e asilo. En efecto, as conclusións dese Consello comportaban unha xustificación da consolidación do enfoque securitario e de defensa en materia de política de refuxiados<sup>3</sup>. Prodúcese así un paso máis na mensaxe de estigmatización de inmigrantes e refuxiados, que

---

<sup>2</sup> O texto da denominada «Declaración y hoja de ruta de Bratislava» pode consultarse en [http://www.consilium.europa.eu/press-releases-pdf/2016/9/47244647412\\_es.pdf](http://www.consilium.europa.eu/press-releases-pdf/2016/9/47244647412_es.pdf) [última consulta: outubro, 2016].

<sup>3</sup> Un enfoque «securitario» que non só se impón en políticas de migración e asilo, senón tamén noutros ámbitos da acción exterior europea, como a política de cooperación e axuda ao desenvolvemento, tal e como denunciou entre nós o profesor Sanahuja: cfr. Sanahuja, José Antonio (2005): «Seguridad, desarrollo y lucha contra la pobreza tras el 11-S: los Objetivos del Milenio y la “securitización” de la ayuda», *Documentación Social*, 136, 25-42, e, sobre todo, Sanahuja, José Antonio / Julia Schüneman (2012): «El nexo seguridad-desarrollo: entre la construcción de la paz y la “securitización” del desarrollo», en José Antonio Sanahuja (coord.), *Construcción de la paz, seguridad y desarrollo: visiones, políticas y actores*, Madrid, ICEI, e Sanahuja, José Antonio (2016): «La Unión Europea y la crisis de los refugiados: fallas de gobernanza, securitización y “diplomacia de chequera”», en Manuela Mesa (coord.), *Retos inaplazables en el sistema internacional. Anuario 2015-2016*, Madrid, CEIPAZ. Esa é tamén unha crítica constante, así mesmo, nos traballos do profesor Gómez Gil, desde o seu «Desguazando la cooperación española: la construcción ideológica del colapso de la cooperación al desarrollo», *Papeles de Relaciones Ecosociales y Cambio Global*, 123/2013, 85-95. Desde a perspectiva do dereito internacional público, ao meu xuízo deben consultarse, así mesmo, os traballos da profesora Ramón Chornet: cfr., p. ex., Ramón Chornet, Consuelo (2005): «La política de codesarrollo de la Unión Europea: ¿hacia una inflexión significativa?», en vv. AA., *Codesarrollo: migraciones y desarrollo mundial*, Madrid, CIDEAL. Así mesmo, Ramón Chornet, Consuelo (2010): «Sobre el sentido y función del codesarrollo en la acción exterior», en Joan Lacomba Vázquez / Fernando Falomir (coords.), *De las migraciones como problema a las migraciones como oportunidad*, Madrid, Los Libros de la Catarata.

ten o efecto perverso de incitar a unha política de medo e de odio, de xenofobia e repregamento. Un enfoque que vai abríndose camiño e, sobre todo, parece ocupar un lugar de importancia na próxima administración dos EUA, o Goberno de Trump, como apuntarei despois. Fronte a isto, a ben intencionada declaración adoptada pola Asemblea Xeral da ONU tras o UN Summit for Refugees and Migrants do 19 de setembro de 2016 parece pouco máis ca papel mollado<sup>4</sup>.

Está claro, ao meu xuízo, que non podemos aceptar permanecer en silencio ante as falacias e mentiras sobre a resposta ao desafío dos refuxiados. A primeira, que falamos de «refuxiados», cando non o son, non chegan a selo, porque o noso designio é impedirilles ou polo menos dificultarlles enormemente que sexan recoñecidos como tales. En realidade falamos de millóns de persoas que son aspirantes a refuxio ou solicitantes del (*asylum seekers*), que foxen do seu país e vagan polo mundo querendo solicitar refuxio sen que se lles deixe nin iso...

O máis urxente é coñecer as causas que están a producir este incremento dos desprazamentos forzados e actuar para parar os masacres dos que foxen e, pola súa vez, o masacre na fuxida, unha traxedia que esconde datos horribles, como a sorte descoñecida de miles de menores non acompañados (inmigrantes irregulares, refuxiados), denunciada non só por ONG como Save the Children, senón nada menos que pola mesma Europol. Por non falar da sorte das mulleres violadas e maltratadas polas mafias en Libia mentres esperan para embarcar, ás veces durante meses, nunha viaxe na que arriscan a súa vida e a dos seus fillos.

Ao xuízo de moitos de nós, o que se está a producir é, sobre todo, unha gravísima claudicación, un retroceso no mellor do patrimonio europeo, os elementos claves que contribuíron decisivamente á civilización: a garantía e o recoñecemento eficaces dos dereitos humanos de todos os seres humanos, o imperio da lei, a construción dun espazo público entendido en termos de liberdade, seguridade e xustiza. Ao baleirar o dereito de asilo, baleiramos o mellor do proxecto europeo, o seu carácter dunha comunidade de dereito, de respecto ao Estado de dereito, da primacía do dereito ao servizo da garantía dos dereitos humanos. Estamos contribuíndo a resucitar o peor da historia europea, a construción dun tópico aceptado acriticamente, a mensaxe de que hai seres humanos que por determinadas condicións *non son igual de humanos ca os*

<sup>4</sup> O texto da Declaración pode obterse en [http://www.un.org/ga/search/view\\_doc.asp?symbol=A/71/L.1&referer=http://refugeemigrants.un.org/declaration&Lang=S](http://www.un.org/ga/search/view_doc.asp?symbol=A/71/L.1&referer=http://refugeemigrants.un.org/declaration&Lang=S). Os interesantes documentos preparatorios, en <https://refugeemigrants.un.org/summit-documents>.

*demais* (como advertira o xenial Orwell a través do personaxe do porco Napoleón en *Animal Farm*). Os inmigrantes irregulares, os refuxiados, son o neno que tiramos coa auga sucia dos nosos medos. Decidimos *que non son, non poden nin deber ser iguais en dereitos*. Estigmatizámoslos, ata o punto de facer dos demandantes de refuxio suxeitos sospeitosos, invertendo o mecanismo de presunción de inocencia e as bases mesmas da tradición xurídica do asilo<sup>5</sup>. Creamos para eles un *estado de excepción permanente* que, por outro lado, é perfectamente funcional ao estadio de evolución do capitalismo global no que vivimos, como souberon sinalar Saskia Sassen<sup>6</sup> e Zygmunt Bauman (especialmente en diálogo con G. Agamben<sup>7</sup>, no cal ambos retoman a liña de análise de D. Lochak, aínda que sen citala) e como insiste tamén, desde o seu habitual ton de provocación, Žižek<sup>8</sup>. E así, nós, europeos, camiñamos pola senda dunha política, unha antipolítica en realidade, que traspasa todas as liñas vermellas da democracia e do Estado de dereito.

O que trato de sinalar é que non debemos seguir aceptando a falaz tese da «crise de refuxiados», unha mestura de mentiras e erros de análise que permiten unha operación de «boa conciencia»: falar da «crise de refuxiados», soste que nos atopamos ante unha encrucillada do humanitario e o pragmático, que suporía asumir que nos encontramos ante o dilema de elixir entre o altruísmo de axudar os desesperados do mundo ou sacrificar a nosa seguridade, como o mostraría a crise do sistema Schengen. É dicir, que o noso dilema é elixir entre dereitos humanos deses outros ou a nosa seguridade. Esa falacia, cuxos supostos fundamentos tratei de analizar noutros traballos, cumpre unha función perversa: evitar o esforzo crítico que debería conducirnos a advertir o grave risco que se abre ante nós e que intentarei abordar a continuación.

<sup>5</sup> Creo que o reflicte o feito de que a definición máis apropiada daquilo no que se converteu hoxe un refuxiado, como veño insistindo, sexa a que propuxo hai uns meses o Alto Comisionado para os Dereitos Humanos da ONU, o xordano Zeid Ra'ad Al-Hussein: «refugees [...]. These are people with death at their back and a wall in their face». A nosa achega é esa: poñerlles diante muros, aramados, campos de detención.

<sup>6</sup> Vid. Sassen, Saskia (2014): *Expulsions: Brutality and Complexity in the Global Economy*, Cambridge, MA, Harvard University Press (trad. francesa, Gallimard, 2016). Hai tradución española (2015): *Expulsiones: brutalidad y complejidad en la economía global*, Bos Aires, Katz.

<sup>7</sup> *Archipiélago de excepciones*, unha conferencia impartida no CCCB en diálogo con Giorgio Agamben e que foi despois publicada en Katz Editores (2008). Máis recentemente, Bauman, Zygmunt (2016): *Strangers at our Door*, Malden, MA, Polity Press, no que trata de analizar as raíces do que considera unha das patoloxías dominantes, «o medo a inmigrantes e refuxiados», e ofrecer alternativas.

<sup>8</sup> Cfr., por exemplo, o seu artigo «What our fear of refugees says about Europe», na revista *New Statesman*: (<http://www.newstatesman.com/politics/uk/2016/02/slavoj-zizek-what-our-fear-refugees-says-about-europe>). Máis especificamente, o seu *Refugees, Terror and other Troubles with the Neighbors: Against the Double Blackmail*, 2016.

## O QUE ESTÁ EN XOGO: UN MODELO POLÍTICO QUE REFORZA A EXCLUSIÓN

Para entender o verdadeiro alcance do que está en xogo, recorrerei ás teses dos xa mencionados Saskia Sassen e Zygmunt Bauman, que porei en relación coas sostidas por algúns dos que analizan as migracións en clave xurídica e política, de Sayad a Wihtol de Wenden.

Sassen, no seu traballo máis recente e antes mencionado, subliña a profunda relación entre tres elementos clave das nosas sociedades aquí e agora: as migracións, a desigualdade nas relacións internacionais imposta pola economía globalizada e o proceso de construción do vínculo social e político. Así o expón no seu devandito libro, *Expulsiones*, no que sostén que o grao actual de violencia (devida en ordinaria) do capitalismo no seu estadio global se explica por esa lóxica de *expulsión*, que é como deberíamos chamarlle á lóxica que preside a economía globalizada. Para Sassen, asistimos ao final da lóxica inclusiva que gobernou a economía capitalista a partir da Segunda Guerra Mundial e á afirmación dunha nova e perigosa dinámica, a da expulsión. Unha lóxica que fai culminar a contradición xa advertida por Adam Ferguson en 1767 no seu *An Essay on the History of Civil Society* («Ensaio sobre a historia da sociedade civil»), entre a lóxica do público e a lóxica do mercado ou, por dicilo doutra maneira, entre a lóxica da universalidade dos dereitos e a expansión do Estado de dereito, e aquela outra do beneficio e a «man invisible», que postula o regreso ao máis radical *hands-off* do dereito e os poderes públicos no ámbito que reclama para si (desregulado), o mercado...

Pois ben, ao meu xuízo, a constante máis destacable na inmensa maioría dos proxectos de xestión do fenómeno migratorio, nas políticas migratorias e de asilo dos países que somos destinatarios de migracións, é o empeño en esquecer, en ocultar unha verdade evidente: a inevitable dimensión política desas manifestacións de mobilidade humana (inmigrantes e, con maior claridade aínda, refuxiados), a súa condición de *res politica*, tanto desde o punto de vista estatal como desde as relacións internacionais. Fronte a isto impuxemos unha mirada sectorial, unilateral e a curto prazo que se concreta na construción dunha categoría xurídica de inmigrante que, en realidade, é un concepto demediado ou, como

propón Bauman, un paria<sup>9</sup>: o inmigrante é só o traballador necesario nun determinado nicho laboral no mercado de traballo formal (coma se non fose utilizado no mercado clandestino ou informal) e mentres se someta a un estatuto precario guiado pola maximización do beneficio da súa presenza. É unha ferramenta, nin sequera un traballador igual ao asalariado nacional. Por iso a súa condición precaria, parcial, de sospeita<sup>10</sup>.

Todo iso acentúase aínda máis no caso dos refuxiados. O mesmo Bauman, en liña coas teses desenvolvidas por Agamben desde o seu coñecido *Homo sacer*, explicou como se crea un estado de suspensión da orde xurídica, ausencia de lei, desigualdade e exclusión social, que fai posible que mulleres e homes perdan a súa condición de cidadáns, de seres políticos, e a súa identidade, dentro das fronteiras mesmas do Estado-nación.

O que me parece máis relevante e criticable, desde o punto de vista xurídico e político, é como, a prol desa mirada, *no dereito de migración e asilo se converte en regra a excepción, contravindo principios básicos do Estado de dereito*. Ese é un *motto* crítico que encontramos expresa e cabalmente formulado nos traballos da xurista francesa, defensora dos dereitos de inmigrantes e refuxiados Danièle Lochak<sup>11</sup>, a constante, ao meu xuízo, máis destacable e criticable: o *estado de excepción permanente* que creamos para os inmigrantes e que recentemente estamos a trasladar, contra toda evidencia do dereito vixente, aos refuxiados. Dese modo negamos a condición mesma de inmigrante, unha categoría universal, á vez que baleiramos un dereito fundamental, o dereito a ser inmigrante, a escoller o propio plan de vida, a circular libremente, que é un corolario indiscutible do principio (por certo, liberal) de autonomía. Pero, rizando o rizo, estamos a desprover os refuxiados dun estatuto xurídico vixente, o propio estándar normativo vinculante que é a Convención de Xenebra de 1951, so pretexto dunha «crise» tan urxente como inabordable.

Creamos políticas migratorias e de asilo, pois, que negan o seu obxecto, que o deforman, o substitúen por unha categoría vicaria: negámonos a aceptar o inmigrante *tout court* e substituímolos por aquel que queremos recibir. Por iso, para nós, non todo o mundo ten dereito a ser inmigrante, de forma que a nosa

---

<sup>9</sup> Novos parias, de condición precaria e intercambiable, con data de caducidade, tal e como sostén no seu mencionado *Archipiélago de excepciones*.

<sup>10</sup> É o que explica o coñecido paradoxo enunciado polo dramaturgo Max Frisch e que ignoran eses modelos de políticas migratorias: queremos man de obra e chégannos persoas, sociedades, visións do mundo.

<sup>11</sup> Cfr. Lochak, Danièle (2007): *Face aux migrants : état de droit ou état de siège ?*, París, Textuel.



lóxica inevitablemente produce inmigrantes «ilegais», non-inmigrantes. Así o explica unha das mellores expertas en política de migracións, Catherine Wihtol de Wenden, nun artigo publicado no ano 2016 sobre as novidades ou as constantes en políticas migratorias<sup>12</sup>, e, ao meu xuízo, é esa a razón dos nosos fracasos á hora de analizar e tamén de dar resposta aos desafíos migratorios no seu sentido máis amplo (inmigrantes e refuxiados).

Pola súa parte, Bauman, en diálogo con Agamben, insistiu unha e outra vez na interpretación da regresión evolutiva que sufriu o modelo de Estado social de dereito nos últimos vinte anos. Como explica con grande agudeza no seu xa mencionado *Archipiélago de excepciones* —no que non é difícil advertir a pegada de Foucault—, trátase dun proceso que, por mor da lóxica desta fase do capitalismo global, transforma boa parte dos que foron Estados sociais en Estados excluñtes, Estados policial-penais. Créanse así non xa pequenos espazos de infradereito, zonas de *no law's land*, que escapen á soberanía tradicional do Estado de dereito e que se encontran rexidos por un estado de excepción permanente, senón toda unha rede global desas illas, verdadeiros *arquipélagos da excepción*. A metáfora do «arquipélago» ten como emblema os campos de refuxiados e os barrios de inmigrantes<sup>13</sup>. Neles pódese comprobar como, se os «Estados sociais» de dereito en certo modo son unha reformulación ou superación do modelo hobbessiano de lexitimidade, por incremento dos seus *outputs* (é dicir, porque máis alá da garantía da vida fronte á violencia estenden a seguridade, a certeza no

<sup>12</sup> Escribe Wihtol de Wenden:

La réponse aux flux migratoires ressemble ainsi à un vaste Far West, où les États les plus puissants du monde font la loi par les règles qu'ils édictent en matière de droit à la mobilité, et n'acceptent pas que des normes mondiales s'imposent à l'exercice de leur souveraineté que constitue la gestion des flux migratoires. Si l'on est Danois, on peut circuler dans 164 pays ; si on est Russe dans 94 ; si on est subsaharien, cette possibilité peut se limiter aux doigts d'une seule main si le pays où l'on est né, et dont on a la nationalité, est considéré comme un pays à risque. Le droit à la mobilité est donc l'une des plus grandes inégalités du monde aujourd'hui, dans un contexte où il devrait constituer un des droits essentiels du XXI<sup>e</sup> siècle. Les riches des pays pauvres peuvent, eux, migrer, car beaucoup de pays d'immigration ont prévu d'attribuer des titres de séjour à ceux qui leur apportent des capitaux, achètent un appartement d'une taille précise, ou créent une entreprise. Les plus qualifiés, les sportifs professionnels, les créateurs et artistes de haut niveau peuvent également migrer, car beaucoup de pays d'accueil ont opté pour une ouverture de leurs frontières à une immigration sélectionnée. Les étudiants se voient aussi entrouvrir les frontières, nombre de pays, européens notamment, ayant compris le risque d'une option sans immigration dans la course à la compétitivité mondiale.

<sup>13</sup> Quizais deberíamos engadir os centros de internamento de estranxeiros (CIE). Bauman escribe que «é posible que a única industria puxante nos territorios dos membros tardíos do club da modernidade sexa a produción en masa de refuxiados. E os refuxiados son o “residuo humano” personificado: sen ningunha función “útil” que desempeñar no país ao que chegan e no que quedan, e sen intención nin posibilidade realista de seren asimilados e incorporados» (Bauman 2008: 32).

status dos seus cidadáns, que xa non son meros súbditos), os «Estados penal-policiais» privan unha parte da poboación (entre a que se encontran os que ocupan as marxes do sistema, os que foron considerados «clases perigosas») deses «beneficios», redúcena á condición de precariedade e só poden acudir a unha vella argucia para manter a súa adhesión. É a coartada do agresor externo ou do inimigo interior, fronte ao cal defenden todos os seus cidadáns, tamén aqueles que eles golpearon e reduciron á precariedade. Ese recurso, vello argumento da lóxica do medo, é o que Bauman denomina «o escuro espellismo dos outros»: inmigrantes e refuxiados. Eses verdadeiros «excedentes» da man de obra global, e en particular os dos grupos que exemplifican as migracións forzadas e que constitúen o emblema do que, en termos moi duros, denomina «refugallo humano», produto xenuíno da lóxica desta fase do mercado global: os inmigrantes irregulares (mal chamados «ilegais», que é a forma en que son coñecidos os traballadores estranxeiros non expresamente desexados) e os refuxiados: «Un dos resultados máis letais do triunfo global da modernidade é a urxente crise da industria do tratamento do refugallo (humano)», escribe Bauman<sup>14</sup>. Esa é a razón pola que se ven despoixados de todos os elementos de identidade, dos marcadores nacionais: non teñen Estado, non son necesarios/útiles, ou deixaron de selo, non teñen «papeis». Os Estados da UE, explica Bauman, non están dispostos a recibir eses «excedentes doutros Estados» e acoden ao argumento de problemas de orde pública, de seguridade e aínda de defensa da soberanía nacional-territorial. Esgrímese sen rubor o argumento de que son exército de reserva da delincuencia, da violencia, do terrorismo. Iso é o que, ao seu xuízo, explica o inaceptable rexeitamento dos refuxiados. E, así, conclúe: «[O] lixo non precisa de distincións afinadas nin de matices sutís, salvo que haxa que clasificalo para a súa reciclaxe».

O que trato de dicir é que a ignominiosa resposta dos Gobernos europeos (peor incluso ca a das institucións da UE) non só ha de se entender nos termos da disputa polos medios para estender os nosos deberes a todos aqueles que son titulares de dereitos pero non son nacionais, senón que ten unha lectura, unha interpretación máis profunda. Como sinalou entre nós de forma axeitada Itziar Ruiz Jiménez<sup>15</sup>, habería que recoñecer que ao que asistimos hoxe é a un des-

<sup>14</sup> Bauman (2008: 32).

<sup>15</sup> Cfr. entrevista na revista dixital *Ágora*,

<http://www.agora-revistaonline.com/#!ENTREVISTAS-Itziar-RuizGim%C3%A9nez-En-Europa-hay-una-batalla-sobre-qui%C3%A9n-tiene-derecho-a-tener-derechos/c112t/5714fb870cf2331db0f847cc>  
[última consulta: 20 de abril de 2016].

mantelamento do ámbito de recoñecemento e garantía dos dereitos e a unha loita feroz por recortar o ámbito dos *suxeitos do dereito a ter dereitos*, que son os indicadores máis claros dese paradoxo cara ao que corremos o risco de nos encamiñarmos e que expresariamos coa fórmula *democracias excluíntes*. Primeiro, so pretexto da crise, profundouse na mercantilización dos dereitos económicos, sociais e culturais, as conquistas do século xx, engadindo os propios cidadáns, as clases máis débiles e aínda a clase media, que foi pauperizada. Agora trátase de reducir o ámbito de suxeitos que poden aspirar ao recoñecemento mínimo de dereitos humanos fundamentais. Esa é a batalla. Nela, as primeiras vítimas son eses outros máis visibles, os inmigrantes e os refuxiados, expulsados da condición de suxeitos de dereitos.

A conclusión non pode ser máis preocupante: cando avistamos un futuro de ensanche da democracia, capaz de desancorar o recoñecemento da plenitude de dereitos dunha condición etnocultural (a identidade nacional), abrazando así o modelo de democracia plural e inclusiva, sucede que nos asomamos de novo cara a unha comunidade política baseada na institucionalización de amplas zonas de exclusión. E iso non pode ser compatible nin coa democracia nin co Estado de dereito. De novo, haberá que recordar o lema de Heráclito: «Un pobo debe loitar polas súas leis coma polas súas murallas». Pero este pobo xa non é, xa non debería ser, a comunidade etnonacional que se encerra na fortaleza, senón unha comunidade de cidadáns libres que queren acoller, protexer, incluír baixo o seu espazo de seguridade, liberdade e xustiza os seres humanos que o necesitan e que chegan ata as súas portas.

## A ASIMILACIÓN CULTURAL, ILEXÍTIMA CONDICIÓN IMPOSTA AO RECOÑECIMENTO DOS REFUXIADOS

O último apertar do parafuso é a imposición de políticas de asimilación cultural como prerequisite para o exame da solicitude de refuxio. Fíxoo o xefe de Estado español, Filipe VI, no seu discurso na ONU o 19 de setembro de 2016. Dispuxérono Dinamarca e Holanda a través das reformas do seu réxime de dereito de asilo. O discurso da Coroa o 21 de setembro de 2016, na Haia, que abría o ano parlamentario en Holanda, incluíu un apartado específico dedicado ás tensións

derivadas da chegada dalgúns miles de refuxiados no marco desta mal denominada «crise dos refuxiados» da que falamos. Nese discurso, lido polo rei na Sala dos Cabaleiros do antigo Parlamento holandés, o documento subliñaba «a igualdade entre homes e mulleres ante a lei e a non-discriminación por razóns de raza, crenza ou ben orientación sexual. *Son valores que debe respectar e acatar calquera que queira vivir* [nese] *noso país*» (recordemos que ese é un leitmotiv do Goberno de Rajoy e do Partido Popular en España, empeñados en continuar co modelo de *contrato de integración* que Rajoy copiou de Sarkozy). As palabras do rei incluían, non obstante, unha declaración de intencións para evitar malentendidos. «A ninguén se lle pide que renuncie á súa cultura e orixes. Pero as normas establecidas son inviolables e a intimidación e a violencia obterán unha resposta firme». Coma noutras democracias constitucionais, este tipo de documentos lidos por ambos os monarcas son redactados polo Goberno, o cal, no caso holandés, poñía moito empeño en subliñar «as iniciativas privadas e municipais destinadas a animar os solicitantes de asilo a participar na sociedade».

Ninguén ignora as tensións derivadas do importante número de refuxiados que trataron de alcanzar Europa provenientes da guerra de Siria (en menor medida das de Iraq e de Afganistán) durante os anos 2015 e 2016. Por iso o monarca reafirmaba que «Holanda é un país forte nun mundo inestable. Un lugar próspero e atractivo, con boas infraestruturas e servizos e un sistema legal forte». Pero, insisto, o preocupante é que, xusto a continuación, insistise na «preocupación social ante as diferenzas culturais» e a incógnita de se non suporá o fluxo humano «un esforzo excesivo para os servizos públicos». A partir de 2017, o Goberno holandés, de centrosquerda, impuxo aos recentemente chegados a firma dunha «declaración de participación». Concibida como unha especie de contrato entre o migrante e o Estado, obriga os que buscan refuxio a «respectar as normas e valores da sociedade holandesa, en especial os principios democráticos da separación entre Igrexa e Estado, e as liberdades de credo e expresión», pero tamén a equidade entre home e muller. A asociación holandesa que reúne os refuxiados (Vluchtelingenwerk Nederland) calcula que en 2014 ata 82 494 persoas contaban coa protección necesaria. En 2015 solicitárona 58 800 estranxeiros, segundo a Oficina Central de Estatísticas. Para 2016, o mesmo organismo calcula que chegarán uns 70 000. Haberá que recordar que os partidos da oposición, que inclúe, entre outros, liberais de esquerda, democratacristiáns, ecoloxistas, socialistas

radicais e o populista antimusulmán Geert Wilders, lamentaron que o Goberno non tivese «nada que ofrecer». Wilders cualificou de «conto de fadas» o discurso. Na súa opinión, o país estaba sendo «destruído». E puxo como exemplo os recortes en sanidade, a subida de impostos e as presións derivadas dos refuxiados. Afortunadamente, as eleccións xerais non lle ofreceron apoio para gobernar.

## QUE PODEMOS ESPERAR DA ADMINISTRACIÓN TRUMP RESPECTO A INMIGRANTES E REFUXIADOS?

Se hai que facer caso ás súas proclamas electorais (en realidade Trump non ten un programa migratorio e de asilo en sentido propio), a pregunta pode parecer redundante, pois a resposta é obvia: o peor. Porén, como subliñou a miña compañeira do IDHUV, a profesora Ramón Chornet, nun recente artigo na revista *El Temps*, o prognóstico é máis complexo. Permítome no que segue resumir os aspectos básicos da súa tese.

A cuestión real é se Trump ten un verdadeiro programa político en materia de inmigración e asilo. E a resposta que podemos adiantar é moi sinxela: non. Se examinamos con algo de detemento as iniciativas políticas nesta materia, o resultado é escaso. E, sobre todo, de carácter simbólico.

Non hai, insiste a mesma autora, nada parecido a un modelo de gobernanza das migracións, que, por definición, ha de ser internacional, pois o carácter dos movementos migratorios —sobre todo se nos referimos aos movementos forzados (o que inclúe, obviamente, refuxiados e desprazados)— móstranos indubidablemente a súa dimensión transnacional e incluso global. Aínda máis, como xa advertiran M. Mauss e outros discípulos de Durkheim, é dicir, os primeiros sociólogos das migracións, e como popularizara Max Frisch («queríamos man de obra e chegaronnos persoas»), lonxe de reducilas ao seu indiscutible aspecto laboral/económico, non cabe ignorar o seu carácter integral, holista: as migracións son un feito social complexo e global: inclúen unha dimensión cultural/ideolóxica e, por iso, son un fenómeno político que, como se escribiu, interpela, pon en cuestión as nosas categorías políticas básicas, isto é, a forma de entender e xustificar a cidadanía e a soberanía. Constitúen un factor decisivo do incremento da condición plural, multicultural das nosas sociedades. E, sobre todo,

eses movementos migratorios globais non se van deter. Son xa un trazo estrutural do noso mundo, das nosas sociedades. O proceso de globalización é un factor decisivo a ese respecto. Non hai muros, valados nin fronteiras que vallan para deter eses desprazamentos nunha era na que, como sinalei nun libro conxunto co profesor Sami Naïr (*Le Déplacement du monde*), non é que se incrementen os movementos, senón que é o propio mundo o que se despraza.

Como se poñía de manifesto no tan ben intencionado como estéril cume mundial realizado na ONU os días 17 e 18 de setembro de 2016 ao que xa me referín, a gobernanza internacional das migracións esixe facer un fincapé —ter un programa— de alcance non só interrexional, internacional, senón global, que require ante todo políticas de coordinación dos países que son os destinatarios destes desprazamentos cos países que xeran tales movementos de poboación e con aqueles outros polos que transitan. Pero, coidado, sen caer no erro de pensar que as políticas de cooperación e investimento en terceiros Estados constitúan o tapón que deterá os fluxos migratorios. E, menos aínda, entender a coordinación internacional como un repartimento simplista de tarefas, un elemental *quid pro quo*: eu douche axuda económica e ti realizas por min as funcións de policía, como vén practicando, por desgraza, a Unión Europea, tal e como se concretou no cume de novembro de 2015 en La Valetta, no que se adoptaron preacordos nese sentido con algúns países africanos e, sobre todo, coa Turquía de Erdogan en materia de deportación de refuxiados e despois coa desestruturada Libia. O réxime do control do tránsito de fronteiras e do asentamento dos *newcomers* é importante, desde logo, pero o seu éxito depende do anterior. Dito doutra maneira, mentres permaneza a condición case estrutural de desigualdade nas relacións entre o Norte e o Sur, as migracións non só non se poderán gobernar de forma efectiva e lexítima, senón que serán dificilmente gobernables, xerarán conflitos interminables porque suporán a multiplicación de violacións de dereitos elementais e, á derradeira, resultarán eficaces.

Pois ben, as pistas que ofreceu Trump parecen situarse máis ben no ámbito simbólico, como pretextos para o consumo interno da patrioteira mensaxe de afianzamento na *Strongest America*, ao igual ca as súas provocadoras declaracións de tintura marcadamente isolacionista nas relacións exteriores, o tipo das súas descualificacións ao actual modelo estratéxico da OTAN. Trump sabe perfectamente que non poderá ser así. A súa aposta polo libre comercio, pola economía

do mercado global, impide de facto o isolacionismo. Salvo que tales proclamas non sexan outra cousa, en efecto, que pretextos, mensaxes de reforzo ao votante de Estados Unidos de América que rexeita os efectos devastadores da xestión ultraliberal da globalización. Trump exhibe unha mensaxe supostamente anti-Obama, pois pon a tónica nos plans de regularización da inmigración do anterior presidente (cifrados en «normalizar» a metade dos irregulares, uns cinco millóns, aínda que a reforma migratoria está detida ante o Tribunal Supremo), pero omite o feito de que, en realidade, a Administración de Obama deportou nos seus dous mandatos máis de dous millóns e medio de irregulares.

Por iso, non é crible o que parece o leitmotiv proclamado por Trump para a súa xestión das migracións: o muro e as deportacións. O argumento, que tratei de sintetizar algunha vez na fórmula onomatopeica «vaías onde vaías, valos», é un engado. Éo no sentido no que la politicóloga Wendy Brown soubo analizalo nun magnífico libro, *Walled States, Waning Sovereignty* [dispoñible en español: *Estados amurallados, soberanía declinante*], que convén ler para entender a función real deste discurso que quere resolver a complexísima xestión dos movementos demográficos nos termos simplistas do modelo policial/militar das fronteiras, que se concreta en murallas e expulsións. Engadamos a provocación insistentemente reiterada na campaña por Trump, que prometera obrigar a México a pagar o gasto desa muralla, que, en realidade, será en gran medida un valo, e botar fóra do país nada menos que once millóns de inmigrantes, estigmatizados como ilegais, cos máis groseiros argumentos propios da consabida metáfora de *exército de reserva da delincuencia*. Apenas dous días tras a súa elección, Trump rebaixou de inmediato esas mensaxes para pasar a falar de deportar tres millóns de inmigrantes que son delincuentes (cometeron delitos polos que foron condenados), mentres «se asegura a fronteira e se normaliza todo», aínda que non se sabe con que medidas se vai asegurar e normalizar. O certo é que o quebracabezas que lle supón a Trump a xestión da presenza dos denominados *dreamers* está marcando o primeiro tramo da súa experiencia presidencial.

A realidade é moi testuda e amosa que a inmensa maioría dos residentes irregulares nos EUA non son unha ameaza, senón, moi ao contrario, unha peza imprescindible do sistema de vida norteamericano: calcúlase que eses once millóns de persoas achegan medio billón de dólares ao PIB anual dos EUA. Abonde lembrar o experimento do 1 de maio de 2006, en coincidencia co Día do Traballo,

cando tivo lugar nos EUA o día do boicot, o día sen inmigrantes, para mostrar o impacto da ausencia deses traballadores (e unicamente na dimensión laboral-económica). Os EUA non están en condicións de aceptalo. Trump sábeo. Moi probablemente continuará a emitir mensaxes xenófobas e mesmo racistas, que non contribuirán á unidade e á convivencia. Con todo, as súas provocadoras declaracións son xestos simplistas, eficaces como parte da mensaxe proteccionista, de repregamento, que constitúe quizais o seu principal gancho electoral e o eixe da súa mensaxe interna cara aos electores que lle deron a presidencia —*America first!*—, mais que non se poden traducir en políticas de inmigración, agás que quixese o suicidio da economía de mercado que el sustenta. Iso si: a estratexia pode desembocar nunha auténtica guerra comercial fronte a aqueles que ve como competidores e non como socios e aliados.